



ACTA Nº 2021/4

SESIÓN Extraordinaria urxente DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Telemática. Aplicación ZOOM., martes 16 de marzo de 2021 -

No día de hoxe, ás 10:10 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria urxente do Pleno da Corporación.

ASISTENTES
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA

AUSENTES (xustifican ausencia)
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

1. RATIFICACION DA URXENCIA.

Sra alcaldesa el motivo del pleno fue la presentación de un recurso especial por parte de Servicios dos Concellos Galegos SL al pliego y tenemos dos días hábiles para emitir informe y enviar el expediente, el órgano de contratación es el pleno y hay que someter a votación dicho informe antes de la remisión al tribunal, lo tenemos que enviar hoy de ahí la premura para la convocatoria urgente y extraordinaria.

Ratifícase a urxencia por 10 votos a favor dos concelleiros asistentes á sesión.

2. EMISIÓN DE INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE CEE SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGO SL. (Nº DE RECURSO: 58/2021. EXPEDIENTE Nº

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



2020/C004/000008) ANTE O TACGal.

Considerando o seguinte:

INFORME DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE CEE SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGO SL. ANTE O TACGal.

Nº DE RECURSO TACGal: 58/2021.

EXPEDIENTE Nº 2020/C004/000008.

OBXECTO: Contratación harmonizada, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adjudicación, do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee.

ANTECEDENTES

1. Aprobación expediente de contratación de referencia en sesión plenaria celebrada o 26 de febreiro de 2021.
2. Publicación de Pregos na Plataforma de Contratos do Estado o 4 de marzo de 2021, con data final de presentación ofertas 16 abril de 2021.
3. Interposición de recurso especial en materia de contratación en data 12 de marzo de 2021 ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ás 11:28 horas.
4. Servizos dos Concellos Galegos SL presente novamente o persoal a subrogar o 12 de marzo de 2021, ás 11:06 horas con NRE 202199900000461.

INFORME

En relación a primeira alegación formulada polo recurrente:

1.- Sobre o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato.


Indica, literlamente:

Establece o artigo 100.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que “o orzamento base de licitación desagregarase indicando no prego de cláusulas administrativas particulares ou documento regulador da licitación os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Nos contratos en que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución formen parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia”. E establece o artigo 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que “no cálculo do valor estimado deberán terse en conta, como mínimo, ademais dos custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos que se deriven da execución material dos servizos, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial” e tamén que „nos contratos de servizos e de concesión de servizos nos que sexa relevante a man de obra, na aplicación da normativa laboral vixente a que se refire o parágrafo anterior teranse especialmente en conta os custos laborais derivados dos convenios colectivos sectoriais de aplicación“. En relación con isto, o recollido tanto no PCAP (páxinas 7 e 8, 35 e 36), no Cadro de características (páxinas 60 e 61 do PCAP) como PPTP (páxina 11) así como o indicado no Estudo de custes (páxina 3) anexo ao procedemento de licitación vulnera as anteriores disposicións legais xa que por parte do órgano de contratación non se recollen os gastos relativos ao custe da seguridade social para o cálculo do custe total anual en materia de persoal o que repercute negativamente no custe total do servizo, é dicir non se recollen os gastos indirectos para o cálculo total dos custes de persoal.



En primeiro lugar, deixar constancia que a recurrente, é a empresa encargada do servizo de recollida de RSU no Concello de Cee dende o ano 2004 (sinatura contrato 21 de outubro) por unha duración de 15 anos, rematado o contrato, actualmente segue a prestar o servizo en vitude de acordo plenario de data 12 de setembro de 2019, de continuidade na prestación do servizo ata nova adxudicación do servizo.

En data 19 de agosto de 2019, esta administración remite a Servicios dos Concellos Galegos SL, o seguinte Oficio:



SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SL
Calle F Parcela 26
Polígono Industrial Teixeira
15310 Curtis
A Coruña.

OFICIO ALCALDÍA

ASUNTO: Requirimento de documentación á concesionaria do servizo de recollida selectiva de RSU a efectos de nova licitación do servizo.

Considerando que o Contrato Administrativo da Xestión Indirecta mediante concesión do Servizo de Recollida Selectiva de Residuos Sólidos urbanos asinado entre o Concello de Cee e Celta Prix SL o 21 de outubro de 2004 (cedido posteriormente mediante acordo Plenario do 15.12.2014 a Servicios dos Concellos Galegos SL), ten unha duración ata o 1 de novembro de 2019 (Cláusula Segunda do mesmo), e estando nestes momentos en fase de preparación a licitación de dito servizo, é necesario que **SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SL**, remita coa máxima urxencia posible a este Concello, os seguintes datos: Persoal adscrito ao Servizo de Recollida selectiva de Residuos Sólidos urbanos no Concello de Cee e Persoal a Subrogar, con indicación expresa de Antigüedad, Grupo Profesional, Categoría Profesional, Tipo de contrato, Xornada de traballo, Retribución bruta mensual (con indicación de si inclúe pagas rateadas ou non).

En Cee a 19 de agosto de 2019.

Sra alcaldesa:

Margarita Lamela Louzán.





Exp. 2021/G010/000004

En data 22 de setembro de 2019, Servicios dos Concellos Galegos SL presenta no Concello de Cee con NRE 201999900000328, a seguinte relación de persoal adscrito o servizo, co gallo de proceder a licitar o servizo e en base a información que debe ofrecer conforme o artigo 130 da LCSP.

Asunto: *Relación de Personal adscrito servizos recogida RSU.*

[REDACTED] en calidad de Administrador de la empresa Servicios dos Concellos Galegos, SL por la presente y en virtud de los datos que obran en mi poder, **INFORMO** que el equipo de personal adscrito a los servicios de recogida y transporte de RSU que esta empresa presta en el Ayuntamiento de Cee está compuesto por los siguientes trabajadores:

TRABAJADOR	GR PROF	CAT. PROF	CONTRATO	F. ANTIGÜEDAD	SAL. BRUTO ANUAL (PPE INCLUIDO)	JORNADA
Op 1	10	peón noche	100	01/12/2009	20.321,48	100%
Op 2	10	peón	100	01/12/2009	17.252,40	100%
Op 3	8	conductor noche	100	13/02/2006	22.086,10	100%
Op 4	10	peón noche	100	01/11/2004	21.704,97	100%
Op 5	10	peón	401	05/06/2018	17.076,08	100%
Op 6	8	cond - peón	401	01/10/2017	18.583,05	100%
Op 7	10	conductor	100	15/09/1998	4.368,36	20%
Op 8	6	técnico admón	100	31/05/2005	5.595,84	30%

Se comunica en ejecución de lo dispuesto en el Capítulo XI (Artts 49 y ssgg) del Convenio Estatal de Limpieza Publica, Recogida de RSU, Riegos, etc (BOE 181 30/07/2013).

Y para que conste, firmo la presente fecha y lugar ut supra.

Firmado digitalmente por [REDACTED]
(R: B27154731) Fecha: 2019.09.22 17:44:12 +02'00'

P.P. Fdo. [REDACTED]
Administrador Único.

Dado que a mesma empresa **é tamén a adxudicataria do servizo de limpeza viaria no Concello de Cee**, ante contradicións na documentación obrante nesta Administración, procédese, en data 13.05.2020 a remitir o seguinte Oficio:

“ASUNTO: Requirimento documentación a Servicios dos Concellos Galegos SL, concesionaria do Servizo Público de Limpieza Viaria no Casco Urbano do Concello de Cee en virtude da cláusula 17 do PCAP.

Rubén Villar Agulleiro, nombrado por acordo plenario de data 27 de setembro de 2019, responsable do contrato de concesión do Servizo Público de Limpieza Viaria no Casco Urbano do Concello de Cee, pola presente e de conformidade coas funcións atribuídas polo artigo 41 da Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público (actualmente artigo 62 da LCSP), e en virtude da cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexen a contratación da concesión do servizo



público de limpeza viaria no Concello de Cee, que literalmente di: "(...) A administración, a través da dirección facultativa ou directamente, poderá inspeccionar o servizo, instalación, locais e documentación e contabilidade da empresa. Durante a xestión do servizo, o concesionario virá obrigado a facilitar á Administración cantos datos solicite sobre a xestión do servizo público."

Á vista do exposto, pola presente REQUIRO a SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SL, concesionaria do Servizo Público de Limpeza Viaria no Casco Urbano do Concello de Cee, para que no prazo de 10 DÍAS a contar dende o seguinte á notificación, presente nesta Administración:

PRIMEIRO.- Declaración responsable onde indique o persoal desa empresa, adscrito ao Servizo Público de Limpeza Viaria no Casco Urbano do Concello de Cee. SEGUNDO.- Fotocopia dos Contratos de traballo de dito persoal.

TERCEIRO.- De existir persoal adscrito a este servizo, que figure no seu contrato como actividade: RECOLLIDA RSU/LIMPEZA VIARIA, deberá aclarar o concesionario a esta Administración, mediante declaración responsable qué porcentaxe da xornada está adicada a LIMPEZA VIARIA.

CUARTO.- Comunicar ao concesionario que os datos solicítanse en base a cláusula 17 do PCAP entendendo esta Administración, que non pode facer uso a parte requirida da negativa por confidencialidade dos datos.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Responsable do Contrato. Ruben Villar Agulleiro."

Ante a documentación que presenta, en data 29 de maio de 2020, faise novamente o seguinte requirimento a Servicios dos Concellos Galegos SL:

"OFICIO ALCALDÍA

ASUNTO: Requirimento documentación a Servicios do Concello Galegos SL, concesionaria do Servizo de Recollida Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza viaria, ante a existencia de contradicións na documentación presentada nesta Administración pola concesionaria, relativa ao persoal adscrito as concesión referidas.

Considerando o artigo 130 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, adicado a información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo, regula:

1. Cando unha norma legal un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral, impoña ao adxudicatario a obrigación de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, os servizos dependentes do órgano de contratación deberán facilitar aos licitadores, no propio prego, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir unha exacta avaliación dos custos laborais que implicará tal medida, debendo facer constar igualmente que tal información facilítase en cumprimento do previsto no presente artigo.

Para estes efectos, a empresa que viñese efectuando a prestación obxecto do contrato para adxudicar e que teña a condición de empregadora dos traballadores afectados estará obrigada a proporcionar a referida información ao órgano de contratación, a requirimento de leste. Como parte desta información en todo caso deberanse achegar as listaxes do persoal obxecto de subrogación, indicándose: o convenio colectivo de aplicación e os detalles de categoría, tipo de contrato, xornada, data de antigüidade, vencemento do contrato, salario bruto anual de cada traballador, así como todos os pactos en vigor aplicables aos traballadores aos que afecte a subrogación. A Administración comunicará ao novo empresario a información que lle tivese sido facilitada polo anterior contratista. (...).

Resultando que a Disposición final cuarta do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o TRLCAP, vixente no momento de adxudicar o Contrato Administrativo de concesión da recollida de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee, establece:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Os órganos de contratación poderán sinalar nos pregos de cláusulas administrativas particulares a autoridade ou autoridades das que os licitadores poidan obter informacións sobre as obrigacións relativas ás disposicións sobre protección e condicións de traballo vixentes no territorio no que vaian executarse as obras ou prestarse os servizos, en cuxo suposto solicitarán aos licitadores que manifesten se tiveron en conta nas súas ofertas tales obrigacións.

Dado que o réximen de subrogación, no ámbito da contratación pública, configurándose como un deber de información da Administración e unha correlativa obrigación de facilitar esa información á Administración por parte do actual contratista, de forma que todos os licitadores poidan formular as súas ofertas en condicións de igualdade. Asimismo en relación ao modo en que debe facilitarse a información sobre a subrogación, cabe indicar que as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a posible subrogación debe facerse constar no propio prego ou documentación complementaria, recomendándonos o TACRC na súa resolución 321/2014, que se faga constar que tal información facilítase en cumprimento do previsto na lexislación de contratos.

Visto que SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SL, presentou documentación para a cal foi requirida, relativa ao persoal adscrito a ambas concesións.

A maior abundamento o TACRC incide sobre a necesidade de que a información que se facilite sexa completa, debendo especificarse con precisión e exactitude todos os elementos necesarios para avaliar os custos laborais en que se vai a incorrer, deste xeito, este Concello para avaliar correctamente os custos laborais e persoal adscrito, necesita os contratos de traballo e todo sen prexuízo doutra documentación que poida ser requirida.

Sirva citar a resolución 96/2015, onde se considera que “os pregos que rexen a licitación ou a documentación complementaria deben especificar coa suficiente precisión e exactitude, todos os elementos que resulten necesarios para permitir aos licitadores unha adecuada avaliación dos custos laborais efectivos en que van incorrer, de resultar adxudicatarios do contrato. (...) é doutrina deste Tribunal que a obrigación de informar sobre tales extremos recae no propio órgano de contratación quen deberá, á súa vez, solicitala dos actuais adxudicatarios. (...) É, por tanto, o órgano de contratación quen debe requirir ao adxudicatario, para que a información facilitada sexa completa e veraz.

Pola presente, ante contradicións existentes na documentación presentada por Servicios dos Concellos Galegos SL, REQUIRESE a Servicios dos Concellos Galegos en base a:

- Obriga asumida en aplicación da lexislación contractual citada.
- Os efectos económicos da propia subrogación, que constitúe un elemento determinante para a formación das ofertas dos futuros licitadores.
- Pola aplicación efectiva dos principios de transparencia, non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, extremo que se garante poñendo ao dispor do resto de licitadores unha información completa e veraz.
- Os datos son necesarios para a nova licitación do servizo, sendo neste caso, a man de obra un elemento esencial da prestación e determinante o réxime de subrogación para a formación das ofertas.
- Se se considera que os datos facilitados polo actual adxudicatario poderían non resultar correctos, cabería a posibilidade de requirirle que acreditase os termos da subrogación proposta, en aras a unha adecuada formación do expediente e así, poder facilitar unha información fiable ao resto de licitadores.

Para que presente nesta Administración, no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a que reciba a notificación, en aras de acreditar os termos da subrogación que propuxo e do cotexo do persoal que declara en ambas concesións administrativas, aclaración dos seguintes extremos que se detallan:

En relación aos traballadores: D. [REDACTED], D. [REDACTED] E D. [REDACTED] aclaración relativa a qué concesión están adscritos, si a Recollida de Residuos Sólidos Urbanos ou Limpeza Viaria, e porcentaxe de adscrición a cada unha.
Asinado dixitalmente ao marxe.



Exp. 2021/G010/000004

Alcaldesa:
Margarita Lamela Louzán.”

A empresa presenta o seguinte escrito en contestación ao reflicitado oficio.

Concello de Cee
Domingo Antonio de Andrade, s/n
CP.15.270, Cee.

Asunto: *Contestación Oficio Alcaldía 01.06.2020*

████████████████████ provisto de DNI: ██████████ en
calidad de Administrador de la empresa Servicios dos Concellos Galegos,
SL por la presente, en virtud de los datos que obran en mi poder y a modo
de contestación al Oficio de Alcaldía notificado en fecha 01.06.20
INFORMO que los trabajadores D. ██████████; D. ██████████
██████████ y D. ██████████ se encuentran desarrollando su
trabajo afectos al contrato administrativo de Recogida y Transporte de
Residuos Sólidos Urbanos (recogida de bolsa negra, recogida selectiva,
recogida de papel-cartón y recogidas de enseres). Así mismo, informo que
todos tienen a condición de trabajadores indefinidos

Lugar y fecha anterior.

Firmado
digitalmente
por
██████████
R:
B27154731
Fecha:
2020.06.15
18:06:23 +02'00'

En base aos datos aportados pola empresa, esta Administración procedeu a elaboración do Estudo Económico, onde figuran os datos facilitados pola empresa no relativo ao persoal a subrogar, datos que foron trasladados aos Pregos.

Sorprendentemente, a empresa no mesmo día que presenta o recurso especial en materia de contratación, 12/03/2021, remite o Concello de Cee con NRE 20219990000461, o cadro de persoal a subrogar que debeu remitir no seu día e non obviando os datos que agora ofrece. Tráncrase:



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2021/G010/000004

Curtis, 12 de Marzo de 2.021

Concello de Cee
Domingo Antonio de Andrade, s/n
CP.15.270, Cee.

Asunto: Tabla de Personal adscrito servicios recogida RSU.

[Redacted] provisto de DNI: [Redacted] en calidad de Administrador de la empresa Servicios dos Concellos Galegos, SL por la presente, DICE

En fecha 22.09.2019 se relacionó por esta mercantil el personal a subrogar adscrito a los servicios de recogida y transporte de RSU que esta empresa presta en el Ayuntamiento de Cee . En dicho cuadro se reflejó el salario bruto anual (incluido prorrateo de pagas extraordinarias).

A continuación se adjunta como anexo cuadro del personal en el que se incluye además columna con el coste de la seguridad social de cada trabajador adscrito a los servicios.

Se comunica en ejecución de lo dispuesto en el Capítulo XI (Artts 49 y ssgg) del Convenio Estatal de Limpieza Publica, Recogida de RSU, Riegos, etc (BOE 181 30/07/2013) .

Y para que conste, firmo la presente fecha y lugar ut supra.


Firmado digitalmente
[Redacted]
(R: B27154731)
Fecha: 2021.03.12
10:50:43 +01'00'

P.P. Fdo. [Redacted]
Administrador Único.

ANEXO 1

TABLA DE PERSONAL A SUBROGAR

TRABAJADOR	GR PROF	CAT. PROF	CONTRATO	F. ANTIGÜEDAD	SAL. BRUTO ANUAL (PPE INCLUIDO)	SEGURIDAD SOCIAL	SAL BRUTO+SS	JORNADA	OBSERVACIONES
Op 1	10	peon noche	100	01/12/2009	20.321,48	6.807,70	27.129,18	100%	RSU CEE
Op 2	10	peon	100	01/12/2009	17.252,40	5.779,55	23.031,95	100%	RSU CEE
Op 3	8	conductor noche	100	13/02/2006	11.043,05	4.041,76	15.084,81	50%	RSU CEE
Op 4	10	peon noche	100	01/11/2004	21.704,97	7.271,16	28.976,13	100%	RSU CEE
Op 5	10	peon	401	05/06/2018	17.076,08	5.925,40	23.001,48	100%	RSU CEE
Op 6	8	cond - peon	401	01/10/2017	9.291,53	3.512,20	12.803,73	50%	RSU CEE
Op 7	10	conductor	100	15/09/1998	4.368,36	1.598,82	5.967,18	20%	20% jornada servicio recogida y transporte de cartón
Op 8	6	tecnico admón	100	31/05/2005	5.595,84	1.757,09	7.352,93	30%	30% jornada . Servicio RSU Cee



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Exp. 2021/G010/000004

A empresa en data 15 de marzo de 2021 ás 13:58, aporta as Bases de cotización dos traballadores do mes de xaneiro de 2019, non entendendo este órgano de contratación o motivo de tal remisión, transcríbese:

Número de autorización 00041051

Datos identificativos de la liquidación			
Razón social	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.	Código de empresario	9 0B27154731
Código cuenta cotización	0111 15100416190	Número de la liquidación	15201900206590008
Periodo de liquidación	01/2019-01-2019	Número de traballadores	72
Calificador de la liquidación	L00-NORMAL	Liquidación	Total
Fecha de control		Entidad de AT/EP	274 - IBERMUTUA


NAF	I.P.F.	C.A.F.	Fechas Tramo Desde	Fechas Tramo Hasta	Días Coti.	Horas Coti.	Horas Compl.	Bases y compensaciones	
								Descripción	Importe
150085745144	1076364360J	LEORJ	01-01-2019	31-01-2019	30 D			BASE DE CONTINGENCIAS COMUNES	1.405,25
								BASE DE ACCIDENTES DE TRABAJO	1.405,25
150091396103	1076517614H	FOVAC	01-01-2019	31-01-2019	30 D	132 H		BASE DE CONTINGENCIAS COMUNES	1.423,20
								BASE DE ACCIDENTES DE TRABAJO	1.423,20
151000420766	1076365806X	REPEJ	01-01-2019	31-01-2019	30 D			BASE DE CONTINGENCIAS COMUNES	1.521,35
								BASE DE ACCIDENTES DE TRABAJO	1.521,35
151005831043	1032823047T	MOSAJ	01-01-2019	31-01-2019	30 D			BASE DE CONTINGENCIAS COMUNES	1.805,79
								BASE DE ACCIDENTES DE TRABAJO	1.805,79
151007082242	1076369073B	MARAJ	01-01-2019	31-01-2019	30 D			BASE DE CONTINGENCIAS COMUNES	1.727,18
								BASE DE ACCIDENTES DE TRABAJO	1.727,18
151007895830	1079316810E	MAPOC	01-01-2019	31-01-2019	30 D			BASE DE CONTINGENCIAS COMUNES	1.751,24
								BASE DE ACCIDENTES DE TRABAJO	1.751,24
151021278796	1032688063A	CECHA	01-01-2019	31-01-2019	30 D			BASE DE CONTINGENCIAS COMUNES	1.516,48
								BASE DE ACCIDENTES DE TRABAJO	1.516,48
151022839486	1046910152L	PEVIM	01-01-2019	31-01-2019	30 D			BASE DE CONTINGENCIAS COMUNES	1.217,70
								BASE DE ACCIDENTES DE TRABAJO	1.217,70

SUMA DE BASES		SUMA DE COMPENSACIONES	
BASE DE CONTINGENCIAS COMUNES	102.017,30	COMPENSACION I.T. ENFERMEDAD COMUN	3.325,99
BASE DE ACCIDENTES DE TRABAJO	102.001,40		

A maior abundamento, indicar que a empresa presenta con NRE 202099900000391 de data 25 de xaneiro do 2020 escrito comunicando que suspende o servizo de recollida de papel cartón porta a porta en grandes generadores, servizo que, segundo afirma, ven prestando dende a sinatura do contrato 2004

Comunicamos que se suspende con efectos inmediatos la prestación del servizo de recogida de papel-cartón puerta a puerta en grandes generadores que no está incluído en el contrato del servizo de gestión de residuos sólidos urbanos.

En Teixeira-Curtis, a 25 diciembre de 2020





Seguen as discordancias, dado que o nº persoal a subrogar que remite o 12 de marzo de 2021, segue a ser o mesmo, en nº, ao remito (22 setembro de 2019) antes da comunicación da suspensión do servizo de recollida de papel cartón, resulta incongruente xa que a día de hoxe ese servizo é prestado por traballadores do Concello, non podendo ser o mesmo nº de persoal a subrogar antes e despois de suspender a prestación de servizo, ou o menos debería traducirse en determinadas reducións de xornadas, que tampouco reflicte Servicios dos Concellos Galegos SL.

Chegados a este punto, e sin ser obriga da Administración, xa que este aspecto foi examinado este aspecto polos tribunais de contratación, podendo destacar a Resolución nº 1108/2019, do 7 de outubro, do TACRC, que manifesta que “A obrigación de subrogarse nas relacións xurídico-laborais do citado persoal deriva da normativa laboral (xeralmente do convenio colectivo sectorial correspondente) polo que incumbe de forma exclusiva aos traballadores e á empresa, futura adxudicataria, resultando totalmente allea a ela o órgano de contratación” e que “a obrigación de subrogación e a información para facilitar non é a que queira o contratista actual senón só a do persoal adscrito ao servizo con arranxo ao contrato en curso, que é o único a subrogar, e non outro persoal”. Adicionalmente estableceuse **que non existe obrigación de comprobación por parte do órgano de contratación ao actuar, como se dixo, como unha sorte de intermediario entre o antigo contratista e o actual a través dos pregos, tendo o contratista entrante acción directa sobre o saínte se os datos non fosen correctos** (art. 130.5 LCSP 2017: “No caso de que unha vez producida a subrogación os custos laborais fosen superiores aos que se desprendesen da información facilitada polo antigo contratista ao órgano de contratación, o contratista terá acción directa contra o antigo contratista”). En conclusión, cando existe persoal a subrogar -o que sucederá cando tal circunstancia veña establecida por un convenio colectivo ou acordo de negociación colectiva de eficacia xeral- **o contratista saínte deberá achegar os datos relativos ao persoal para subrogar, que será o adscrito ao contrato e non outro, que serán incluídos nos pregos pola Administración e tidos en conta nos custos, pero sen existir obrigación de comprobación por parte da Administración contratante.**

Á vista do reflectido, esta Administración vese na obriga, ante as discrepancias da adxudicataria dos dous servizos, e recabando información coa autorización de parte dos traballadores a subrogar, emítese o informe seguinte polo Departamento de RRHH, do que se desprende que os datos aportados pola actual prestadora do servizo, seguen a ser incorrectos, transcríbese o informe:

“Yolanda García Obaya, maior de idade, con DNI nº 10834965X, vinculada al Concello de Cee como profesional autónoma, para elaboración de nóminas y seguimiento de personal, salvo error u omisión

INFORMA SOBRE COSTES SALARIALES PRESENTADOS POR LA EMPRESA “SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.”

El Convenio aplicable a la actividad de la empresa “SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L” es “CONVENIO ESTATAL DEL SECTOR DE SANEAMIENTO PUBLICO, LIMPIEZA VIARIA, RIEGOS, RECOGIDA, TRATAMIENTO Y ELIMINACION DE RESIDUOS, LIMPIEZA Y CONSERVACION DE ALCANTARILLADO”, si bien, dicho convenio no incluye tablas salariales, la empresa arriba indicada, ha remitido los costes anuales de los trabajadores contratados.

Debido a la aludida ausencia de tabla salarial, se le debe requerir para que aporte las nóminas de todos los trabajadores durante el año 2020.

A pesar de no disponer de las nóminas, he realizado cálculos partiendo de las bases de cotización que constan en la S.Social de los siguientes trabajadores (Tabla I anexa) :

Operario 1- peon noche 100% jornada

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Operario 2-peón 100% jornada

Operario 3-conductor noite 50% jornada para este servicio

Operario 5-peón 100% jornada.

Operario 6- conductor -peón 50% de la jornada para este servicio

No he realizado cálculos de los operarios 4,7 y 8 pues no dispongo de ningún dato para hacer costes ni comparativas

Como se puede observar en la tabla comparativa los costes salariales presentados por la empresa SERVICIOS DOS CONCELLO GALEGOS S.L, están muy por encima de los que yo he podido comprobar salvo para el operario 3 que están por debajo.

TRABAJADOR JORNADA	SALARIO BRUTO ANUAL	COSTE S.SOCIAL	TOTAL	DIFERENCIA
OP.1 /100%	17.434,98€	5.840,72€	23.275,7 €	3.853,48€
OP.2./100%	16.066,45€	5.382,26€	21.448,71€	1.583,25€
OP.3./50%	11.346,66€	4.152,88€	15.499,54€	414,73€
OP.4./ 100%				
OP.5./ 100%	13.290,16€	4.611,69€	17.901,85€	5.099,63€
OP.6 /50%	8.179,35€	2.993,64€	11.172,99€	1.630,73€
OP.7./ 20%				
OP.8./ 30%				

É evidente que as cantidades que aporta o recorrente son cualitativamente maiores cas comprobadas por esta Administración, en relación os traballadores citados, non podendo corrobora o resto por falta de autorización.

A maior abundamento, e ante esta situación, emítese informe polo Responsable do Contrato de Limpeza Viaria , D. Rubén Villar Agulleiro, que se transcribe:

“INFORME RESPONSABLE CONTRATO LIMPEZA VIARIA

Rubén Villar Agulleiro, nombrado por acordo plenario de data 27 de setembro de 2019, responsable do contrato de concesión do Servizo Público de Limpeza Viaria no Casco Urbano do Concello de Cee, emito o seguinte **INFORME**:

PRIMEIRO.- Servicios dos Concellos Galegos SL, adjudicataria dos servizos de limpeza viaria e recollida de residuos sólidos urbanos, presente nesta Administración en datas 22 de setembro de 2019 e 12 de marzo de 2021, o seguinte persoal a subrogar no servizo de recollida de residuos sólidos urbanos:



ANEXO 1

TABLA DE PERSONAL A SUBROGAR

TRABAJADOR	GR PROF	CAT. PROF	CONTRATO	F. ANTIGÜEDAD	SAL. BRUTO ANUAL (PPE INCLUIDO)	SEGURIDAD SOCIAL	SAL BRUTO+SS	JORNADA	OBSERVACIONES
Op 1	10	peon noche	100	01/12/2009	20.321,48	6.807,70	27.129,18	100%	RSU CEE
Op 2	10	peon	100	01/12/2009	17.252,40	5.779,55	23.031,95	100%	RSU CEE
Op 3	8	conductor noche	100	13/02/2006	11.043,05	4.041,76	15.084,81	50%	RSU CEE
Op 4	10	peon noche	100	01/11/2004	21.704,97	7.271,16	28.976,13	100%	RSU CEE
Op 5	10	peon	401	05/06/2018	17.076,08	5.925,40	23.001,48	100%	RSU CEE
Op 6	8	cond- peon	401	01/10/2017	9.291,53	3.512,20	12.803,73	50%	RSU CEE
Op 7	10	conductor	100	15/09/1998	4.368,36	1.598,82	5.967,18	20%	20% jornada servicio recogida y transporte de cartón.
Op 8	6	tecnico admón	100	31/05/2005	5.595,84	1.757,09	7.352,93	30%	30% jornada . Servicio RSU Cee

SEGUNDO.- Ante as discrepancias que obran no expediente, e requirimentos efectuados no seu día a adxudicataria de ambos servizos, procedo a comprobación e verificación de si os traballadores sinalados, prestan servizos na Limpeza Viaria e/ou Recollida RSU.

TERCEIRO.- En relación ao **Op2**, consta conforme documentación facilitada pola empresa que no ano 2015, o traballador queda adscrito o servizo de limpeza viaria no Concello de Cee, este informante ven verificando dende a data de nomeamento como responsable, que o Op2 adicase a recollida de papel cartón e limpeza viaria, e dende a comunicación-25 xaneiro de 2020- pola adxudicataria de suspensión da recollida de papel cartón, en consecuencia este operario que Servicio dos Concellos Galegos SL pretende atribuír o servizo de recollida residuos é erróneo coas consecuencia que conleva nos datos que facilita do persoal a subrogar, xa que esta Administración parte conforme indica a LCSP de que os datos facilitados pola empresa son certos, comprobándose que neste caso para nada se axuntan a realidade.

TERCEIRO.- En relación o **Op 5**, conforme documentación facilitada pola empresa, debido a unha reorganización dos servizos no centro de traballo e con data de efectos 2.07.2018, empresa e traballador acordan o traslado deste de forma íntegra o servizos de recollida e transporte residuos, pasando a realizar funcións de peón de recollida RSU. Este informante reproduce o dito no punto segundo, a saber, dende a data de noemamento como responsable, este operario adícase de forma parcial a ambos servizos, non como pretende atribuir a adxudicataria no cadro remitido, que pon 100% recollida RSU.



CUARTO.-En relación o **Op1**, segundo a documentación que aporta a empresa, está adscrito o servizo de limpeza viaria, comprobado este extremo, adícase o 100% ao servizo de recollida residuos sólidos urbanos, deixase constancia deste dato aos efectos de ver verdadeiramente, que traballadores prestan efectivamente e realmente os servizos na limpeza viaria ou na recollida residuos.

CONCLUSIÓN:

Do estudo pormenorizado e verificado día a día, da tabla de persoal a subrogar que remite Servicio dos Concellos Galegos SL na recollida de RSU, debe incluírse soamente os seguinte operarios, dado que os restantes, como responsable do contrato informo que fácticamente prestan servizos en limpeza viaria:

Op1
Op3
Op4
Op 5 Parcialmente non 100% como di a adxudicataria
Op6
Op7
Op8

O que comunico aos efectos oportunos.

Asinado:

Rubén Villar Agulleiro.”

En conclusión, a non inclusión dos costes como di a recurrente é debido exclusivamente a que non aportou os datos completos aos que está obrigada a presentar, esto ven corroborado, no feito de que os presenta a data 13 de marzo de 2021 e non a data 22 de setembro de 2019. Agora ben, a resultas de todo o informado anteriormente, plantexase a situación de que a tabla de persoal a subrogar non é acorde coa realidade fáctica do desenvolvemento diario dos servizos, dado que os únicos operarios que efectivamente prestan os seus servizos na recollida de RSU son: **Op1, Op3, Op4, Op 5 Parcialmente non 100% como di a adxudicataria, Op6 , Op7 e Op8**, en consecuencia os costes indicados no Estudo Económico e nos pregos sería incluso maiores, carecendo de sentido a alegación interposta pola recurrente.

2.- Sobre a Cesión de Traballadores e a Subrogación dos mesmos.

A recurrente alega:

Tanto no PCAP (páxina 37) como no PPTP (páxina 12) se establecen a seguintes previsións: PCAP Capítulo VI EXECUCIÓN DO CONTRATO (páx. 37)

Punto 3 Personal do contratista afecto ao servizo e relacións da administración respecto ao personal do contratista.

Apartado 2.2 "O Concello de Cee ten dous traballadores no servizo, condutores de camiión da basura que pasarán á empresa adxudicataria, aínda que ao ser traballadores do Concello seguen vinculados a este a todos os efectos retributivos. Sen embargo, ao ser a empresa adxudicataria o seu novo centro de traballo, quedarán suxeitos coa empresa en todas as súas obrigas laborais. En caso de incumprimento destas, o empresario deberá presentar as oportunas queixas ante o Concello para que se poidan tomar as medidas necesarias e oportunas. O soldo destes traballadores municipais que sirvan á empresa está deducido do prezo da licitación, agora ben o licitador deberá ter en conta na súa oferta, as posible substitucións en caso de baixas por IT, vacacións, asuntos propios ou causas análogos, que serán a cargo da adxudicataria. Os traballadores son: ***6429** e ***5442*. Estes traballadores municipais nunca foron obxecto de subrogación".



PPTP 4. RECURSOS NECESARIOS 4.1 RECURSOS HUMANOS (páx 12) (Reprodúcese o mesmo texto que no parágrafo anterior) En relación co anterior debemos de indicar o seguinte:

1.- O Anexo de Personal do Orzamento do Concello de Cee incluído na aprobación definitiva do orzamento municipal 2020 (BOP núm. 22 Luns 3 de febreiro de 2020) clasifica como Personal Laboral Fixo con denominación "Oficial de recollida de residuos núm de prazas 2" coa categoría profesional de "Oficial de primeira" e coa situación "Cuberta en propiedade" aos dous traballadores aludidos na cláusula 3 apartado 2.2.

